

CURTOCIRCUITO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3 – 11 Maio 2012

BASES DE PARTICIPACIÓN

CONDICIÓN XERAIS

1. A **Semana Oficial** do IX Curtocircuito, terá lugar en Santiago de Compostela **do 3 ao 11 de maio de 2012** sendo a participación de ámbito internacional e gratuíta.
2. Poderán participar as curtametraxes que fosen rematadas con posterioridade ao **1 de Xuño de 2010** e que non fosen enviadas ao festival en edicións anteriores.
3. Cada autor poderá presentar tantas curtametraxes como desexe, independentemente da nacionalidade, idioma ou xénero das obras.
4. A duración máxima das curtas presentadas será de **30 minutos** (títulos de crédito incluídos).
5. Quedarán expresamente excluídos os traballos de índole comercial ou publicitaria.

INSCRIPCIÓN

6. A inscrición é online e gratuíta. Farase a través do portal web **Short Film Depot**, www.shortfilmdepot.com, completando todos os pasos que nel se indican. Todas as curtas inscritas ao festival pasarán a formar parte do Mercado Internacional (ver apartado Mercado).
7. Os seguintes formatos son aceptados para a preselección:
 - **Preferiblemente nun arquivo, subido** ao www.shortfilmdepot.com, no formato Apple TV [MPEG4 AVC (codec H264), o bitrate máximo en 2500 kbps, audio AAC.], con subtítulos incrustados - o arquivo non debe superar os 2 Go. Ver en www.shortfilmdepot.com para máis información sobre como facer a conversión dunha película en formato Apple TV.

- Ou en DVD (Pal), compatible co hardware dos reprodutores de DVD, por favor especificar claramente se os subtítulos están superpostos ou accesibles a través do menú (1 película por disco - non compilacións). Preferiblemente con subtítulos en Inglés para todas as películas, incluíndo películas Inglesas para facilitar a comprensión de todos os preseleccionadores).
8. A data límite para a recepción destes documentos (arquivo subido ou DVD) é o **10 de febreiro de 2012** max. O DVD ou o arquivo subido pasarán a formar parte do Mercado de Curtametraxes (ver nota Mercado). Por tanto, a calidade debe ser a mellor posible, e non conter ningún logotipo, manchas de auga, publicidade ou anuncios de ningún tipo.
9. En caso de non subir o arquivo da curtametraxe, os envíos faranse por:
- **correo ordinario** (por favor especificar no sobre “Sen valor comercial - Con fins culturais unicamente”)
 - ou **EMS** (Fedex, DHL ...) por un valor declarado de 15 € ou 15 dólares EUA (por favor, non mencionar custos de envío na factura cando envía o seu DVD, xa que implicaría pagar impostos e o seu paquete será rexeitado por Curtocircuito)
 - á seguinte dirección:

IX CURTOCIRCUITO
Festival Internacional de Curtametraxes
Concellaría de Cultura
Auditorio de Galicia
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
España/Spain
T 0034 981 552 290

10. Cada DVD debe estar en perfecto estado e etiquetaxe co **título utilizado na inscrición en Short Film Depot, xénero, o país, a duración e a categoría (INTERNACIONAL / COMPOSTELAE)**. Se hai varias curtametraxes no mesmo DVD, debe de especificarse cal ou cales participan.

11. A organización non asumirá ningún custo indirecto nin dos envíos, nin de aduana, que deberán ser asumidos polos participantes, nin se responsabilizará do estado no que chegue o material.
12. O DVDs de preselección non serán devoltos e pasarán a formar parte dos fondos do festival, comprometéndose a utilizar estas copias con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais.
13. O festival resérvase **o dereito de pedir un DVD** das curtas subidas ao sitio web Short Film Depot, en caso de necesidade.

ENVIO DAS COPIAS DE PROYECCIÓN DAS CURTAS SELECCIONADAS:

14. As curtas seleccionadas (en concurso e fóra de concurso) serán publicadas na web do festival un mes antes de que o festival comece. O formato de proxección será: **35 mm, Betacam Dixital PAL, Betacam SP PAL.**
15. **As copias de proxección** (35 mm, Betacam Dixital Pal e Beta SP Pal) das películas seleccionadas deberán ser enviadas preferiblemente por EMS (DHL, FedEx ...). Deben chegar á oficina do Festival como máximo **o 16 de abril 2012** excepto no caso de arranxo especial.
16. A organización asumirá o custo de **devolución das copias de proxección**, persoalmente ou a través dos posibles acordos aos que chegue cos diferentes consulados e embaixadas colaboradoras.
17. Os custos do seguro que cobre o período entre a recepción e devolución serán pagos polo Festival. No caso de dano ou perda de material entre a recepción e devolución das copias de selección, a responsabilidade do Festival non pode exceder en máis o custo da reedición da película calculada sobre a base dos prezos netos aplicados en España. Calquera queixa con respecto á condición das copias debe facerse dentro dun prazo de 10 días despois da data da súa devolución.

CATEGORÍAS E PREMIOS

18. Establécense as seguintes categorías oficiais:

INTERNACIONAL: curtas de calquera xénero de calquera nacionalidade.

EXPLORA*: curtas experimentais de calquera nacionalidade.

COMPOSTELAE: curtas de calquera xénero de produción española.

ESCOLAS GALEGAS: curtas producidas en escolas galegas de calquera xénero.

* A organización escollerá para esta categoría, de entre todas as curtametraxes presentadas ao festival, aquelas de marcado carácter innovador, experimental ou de investigación, tanto no resultado da imaxe, con novas técnicas na gravación ou na posprodución, coma na súa estrutura narrativa.

19. As categorías non son excluíntes. Unha curta de produción española poderá competir, á vez, na categoría Compostelae e na Internacional, optando ao premio de cada unha. No seu caso, esta será unha decisión da organización independentemente da súa inscrición previa.

20. Establécense os seguintes **premios e mencións***:

Mellor Ficción Internacional - 1500€

Mellor Animación Internacional - 1500€

Mellor Documental Internacional - 1500€

Premio Explora - 1500€

Mellor Ficción Compostelae - 1500€

Mellor Animación Compostelae - 1500€

Mellor Documental Compostelae - 1500€

Premio Especial Mellor Curta Galega -1500€

Premio Mellor Curta Escola Galega – obsequio

Premio do Público -1000€

Premio RTP - Onda Curta**

Mención Especial Xurado Novo Mellor Curta Internacional

Mención Especial Xurado Novo Mellor Curta Explora

Mención Especial Xurado Novo Mellor Curta Compostelae

* As contías dos premios están suxeitas aos impostos e ás regulacións fixadas pola Lei Española. Se se produce un empate entre dúas curtametraxes (premio ex aequo), o importe do premio será dividido entre os dous gañadores.

** Este premio consiste na adquisición dos dereitos de emisión de varias curtas (ata 60 min) por parte da televisión portuguesa.

21. A organización resérvase o dereito de ampliar as categorías e os premios así como as contías dos mesmos.

XURADO

22. O xurado estará composto por profesionais do sector audiovisual de contrastable traxectoria e a súa decisión será inapelable.

23. Establécense catro grupos de xurados, integrados por non menos de tres persoas, un para as categorías **Internacional e Explora**, outro para as categorías **Compostelae e Escolas Galegas** e outro específico para o premio **RTP - Onda Curta**. Ademais haberá un **Xurado Novo**, composto por 3 estudantes ou profesionais que se estean iniciando no sector, e que outorgarán unha mención especial para cada categoría.

24. O xurado poderá deixar deserta de premio calquera categoría, outorgar mencións especiais, compartir algún premio ou tomar calquera decisión relativa a aspectos que non foran contemplados nas presentes bases.

MERCADO

25. A participación no festival de cada curtametraxe, independentemente de que sexan seleccionadas ou non, implica que, directa e gratuitamente, pasarán a formar parte do catálogo do **Mercado Internacional de Curtametraxes**, que se celebrará paralelamente durante a Semana Oficial.

26. Para asistir persoalmente ao Mercado é necesario acreditarse a través da nosa web www.curtocircuito.org antes das datas de celebración do mesmo.

27. Todos os acreditados no Mercado, poderán **visionar** todas as curtametraxes do catálogo exclusivamente na súa sede e durante as datas do festival.

28. Non é necesario mandar outra copia para participar, os DVDs de preselección formarán o catálogo do Mercado, polo que é importante que se manden coa mellor calidade posible e sempre en sistema PAL.

29. Dende a creación do Mercado, a organización leva a cabo unha misión de preservación e profesionalización das curtametraxes. A tal efecto, todas as curtas **almacénanse e arquivanse** cada ano, polo que poderían ser transferidas a outros formatos dixitais para o seu mellor almacenamento. Isto produciríase de xeito permanente ou eventualmente durante as datas

de celebración do Mercado. Sempre garantindo a seguridade da accesibilidade ao material.

VARIOS

30. O uso por parte da organización das curtametraxes fóra das datas de celebración do festival, queda restrinxido a iniciativas culturais e de promoción do propio festival (compilacións en DVD). Así as curtas poden pasar a formar parte da **rede de distribución** de curtametraxes do festival.
31. A participación no Festival implica autorizar, ás **televisións** a ter o dereito de emitir extractos das curtametraxes (10% cunha duración non superior aos 3 minutos). Esta cláusula aplícase igualmente para **Internet**.
32. A Organización tamén publicará **material gráfico** con información relativa ás curtametraxes proxectadas.
33. A Organización da por feito que **os participantes posúen os dereitos** das curtametraxes que presenten. En calquera caso, a Organización non se fai responsable de calquera infracción realizada neste aspecto.
34. As películas seleccionadas serán proxectadas publicamente durante o festival, de acordo cun calendario programado, presupondo que os participantes autorizan estas proxeccións desde o momento da súa participación no Festival.
35. As curtas gañadoras poderán estar dispoñibles en formato non descargable na páxina web do colaborador de Curtocircuito, www.busens.tv, durante o mes seguinte ao festival. Os seleccionados serán informados con anterioridade.
36. A organización do Festival (ou os seus representantes) resolverá todos os casos non especificados dentro dos termos das presentes bases e pode permitir unha dispensación especial con respecto ás peticións específicas e xustificadas.
37. A Organización resérvase o dereito de cancelar calquera inscrición ou emprender as medidas que considere oportunas no caso dunha violación do regulamento ou en resposta a calquera comportamento que perturbe o curso do festival. En caso de litixio, a xurisdición competente será a que se aplica en España.
38. A participación no Festival implica a aceptación sen reserva de todos os termos contidos nas presentes bases.



Contacto: info@curtocircuito.org